



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CULLEREDO (A CORUÑA), PARA DOTAR DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELECTRICA A UNHA EDIFICACIÓN PRIVADA.

Expediente: N.7.Q/26021/17

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Don [REDACTED], na súa condición de administrador da entidade [REDACTED].

En cumprimento da resolución de admisión a trámite, a Institución do Valedor do Pobo, con data 9 de novembro de 2017, promoveu ante o Concello de Culleredo unha investigación sumaria e informal, co obxecto de coñecer e impulsar a tramitación dos escritos presentados pola empresa reclamante o 29 de maio e 18 de xullo de 2017.

Con data 10 de novembro (registro de saída 12476/17), requiriuse ao concello a remisión da correspondente información, a cal reiterouse os días 12 de decembro de 2017 e 15 de xaneiro de 2018.

En cumprimento do requirimento practicado, o Sr. alcalde, o 18 de xaneiro remítenos o informe da Unidade de Asesoría Xurídica da administración municipal, coa seguinte conclusión:

*“Non procede a execución por parte do concello das obras ou instalacións necesarias para dotar de subministro eléctrico á edificación sita na rúa [REDACTED] número [REDACTED] deste termino municipal de Culleredo, sen terse delimitado obxectivamente a quen corresponde asumir e costear a extensión da rede de distribución, circunstancia que ben puido e, en todo caso, debe dirimirse entre a promotora solicitante e a empresa subministradora.*

*Sen prexuízo do dereito do Concello a recuperar, no seu caso, o custe dos gastos que puidesen chegar a xerarse por unha posible execución subsidiaria de obras de urbanización, unha vez constatadas e delimitadas as que corresponden á promotora na súa condición de “consumidora”.*

O citado informe, ao noso entender debe fundamentar a correspondente resolución municipal e notificala á empresa reclamante [REDACTED], no prazo máximo dun mes, xa que está próximo a cumprir o prazo máximo de tres meses establecido no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Consonte ao motivado, e con baseamento na documentación existente no expediente de queixa N.7.Q/26021/17, esta Institución, ao abeiro do establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo, formula ao Concello de Culleredo a seguinte RECOMENDACIÓN:

*En relación co expediente de queixa N.7.Q/26021/17, incoado o 9 de novembro de 2017 e con baseamento na documentación existente no mesmo, o Concello de Culleredo debe ditar unha resolución, expresa, motivada e notificada co ofrecemento dos recursos procedentes, no prazo máximo dun mes en relación coa reclamación presentada pola empresa [REDACTED], ao abeiro do establecido nos artigos 21.1 e 88.3 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo